

A sala de cine en activo máis antiga de Galicia

A sé do CDG é o Salón Teatro, un edificio cultural con arrecendo de historia. O profesor da USC Jesús A. Sánchez García vén de dedicarlle un traballo de investigación que viu agora a luz como libro, *Salón Teatro. Corazón do espectáculo*, editado por Alvarellos.



O Salón Teatro, en 1930.

Tras admitir a fortuna da que gozou o caserón compostelán co desembarco do Centro Dramático Galego —e pon o exemplo da veciña sala Yago, esquecida á súa sorte, desaloxada duns okupas e en estado de abandono—, Sánchez recorda que o Salón Teatro «é o local de cine en activo máis antigo dos que foron fundados en Galicia xa na era da sétima arte e con equipamentos para acoller proxeccións». É verdade que na actualidade apenas programa películas, salvo algún caso illado e no festival Cineuropa. O Salón Teatro naceu en 1920, no tempo dos filmes mudos —*Quo vadis?* (1923) ou *Ben Hur* (1929) estreáronse alí—, vinculado á Igrexa para acoller as actividades culturais da Casa Social Católica: tratábase de promover iniciativas recreativas e implicar ás clases populares.

Xa dende os seus inicios, anota o historiador, os xestores intúen a necesidade de facer rendible a instalación, e a auxe do cine sinala o camiño. As veladas benéficas, as obras de teatro non profesionais non abundan, representan unha escasa vida escénica, unha situación que contrasta ca demanda crecente do cine, o lecer de mo-

da. As proxeccións impóñense. E alcanzan momentos de esplendor, e outros nos que Acción Católica (pola cercanía ideolóxica co réxime nazi) inclinou a balanza cara as producións da compañía alemá UFA, fronte a Hollywood. Trala Guerra Civil a empresa Fraga compra o edificio á Igrexa e faise ca súa xestión comercial.

da. As proxeccións impóñense. E alcanzan momentos de esplendor, e outros nos que Acción Católica (pola cercanía ideolóxica co réxime nazi) inclinou a balanza cara as producións da compañía alemá UFA, fronte a Hollywood. Trala Guerra Civil a empresa Fraga compra o edificio á Igrexa e faise ca súa xestión comercial.

O final chegou tras decenios arrastrándose sen brillo, explica Sánchez, que anota que nos setenta funcionou como sala de arte e ensaio —condición que incluía películas subtituladas ou problemáticas, e as clasificadas S; *Historia de O*, *Amarcord* ou *La naranja mecánica* xeraron notables colas— e ata como cineclub. Nun estado de grave deterioro estrutural e de mobiliario, aínda que operativa —estaba en cartel o filme de Spike Lee *Malcolm X*—, desatouse un incendio que rematou ca súa agonizante existencia. Os bombeiros atallaron a destrución, e a Xunta decidiu darlle unha nova vida digna como sé do CDG. Foi o segundo baleirado e restauración (co inaugural) deste vello caserón compostelán, do que se volveu respectar a fachada, ben integrada arquitectonicamente no casco vello. Poucas comunidades, eloxia o profesor Sánchez, poden presumir de ter un centro dramático propio. E iso salvou ao Salón Teatro, agora a máis antiga sala de cine de Galicia, tamén por demérito das demais que foron pechando sen remedio.